

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela

Cédula de notificación e requirimento (576/1990).

No procedemento civil hipotecario seguido neste xulgado co n.º 576/1990, por instancia do Banco Hipotecario de España, S.A. contra a sociedade Vagalume, S.A., con domicilio social na avenida de Buenos Aires, n.º 20, de Pontevedra, dictouse a seguinte resolución:

Proposta de providencia.

Secretario: Sr. Villalpando Lucas.

En Santiago de Compostela, o 22 de marzo de mil novecentos noventa e un.

Presentado o anterior escrito, documentos e copias, como asunto repartido a este xulgado, tense por comparecido e parte o procurador Manuel García Boado, con quen se entenderán as sucesivas dilixencias en nome e representación da compañía mercantil Banco Hipotecario de España, S.A., devolvéndolle a copia de poder, logo de testemuño en autos.

Interposta a demanda que se formula contra a sociedade Vagalume, S.A., con domicilio social na avenida de Buenos Aires, n.º 20, de Pontevedra, acórdase a súa admisión a trámite polas normas contidas na Lei do 2 de decembro de 1872, de creación do Banco Hipotecario de España, en relación coas demais aplicables da Lei hipotecaria e Lei de axuizamento civil.

En consecuencia, conforme o solicitado, líbrese o correspondente exhorto ó xulgado de igual clase decanos de Pontevedra coa finalidade que se libre mandamento ó rexistrador da propiedade desta cidade para que expida e remita a certificación prevista no n.º 1 do art. 1.489 da Ley de axuizamento civil e 353 do Regulamento hipotecario, en relación cos predios obxecto de hipoteca e demais extremos expresados nos apartados a e b do n.º 2 da súplica da demanda. Que tamén se requira á entidade debedora no domicilio fixado para o efecto, e, de non ser atopado o seu legal representante ou apoderado, ás persoas sinaladas no art. 268 da Ley de axuizamento civil e na regra 3.ª do art. 131 da Ley hipotecaria, para que dentro de seis días presenten os títulos de propiedade dos predios obxecto de hipoteca e execución; así como para que dentro do termo de dous días faga pagamento da débeda obxecto de reclamación, que ascende ata a data da demanda a 3.710.000 ptas.; todo iso baixo apercibimento de parirle o prexuízo a que haxa lugar en dereito. O anterior despacho entréguese á representación da parte demandante facultando amplamente o portador para intervir no seu dilixenciamento.

E para que así conste e sirva de notificación e requirimento á entidade debedora Vagalume, S.A., por ser descoñecido o seu domicilio, expido esta cédula, que asino e selo en Santiago de Compostela, o trece de xuño de mil novecentos noventa e un.

O Secretario
Rubricado

Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número cinco de Santiago de Compostela

Edicto (7/1990).

En virtude do disposto polo xuíz de primeira instancia n.º 5 dos de Santiago de Compostela, en providencia do 3-VI-91, en autos do xuízo verbal civil n.º 7/1990, seguidos por instancia de Pedro Pablo Subirán Martínez, representado polo procurador Sr. García Boado, contra Antonio Arca Cajaraville e outros, acordouse expedir-lo presente edicto polo que se citan os herdeiros de Antonio Rogelio Arca Cajaraville, co fin de que o próximo día 11 de setembro, ás 10,00 horas, comparezan na sala de audiencia deste xulgado, na Algalia de Abaixo n.º 24, para asistiren á celebración do xuízo verbal civil a que se refire a demanda presentada, da que a copia está ó seu dispor nesta secretaría. Con tal fin deberán concorrer cos medios de proba de que intenten valerse, baixo apercibimento de que, de non o faceren, sufrirán os prexuízos legais correspondentes.

E para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e colocación o taboleiro de anuncios deste xulgado, para que sirva de citación en legal forma ós demandados referidos, expido esta cédula, que asino e selo en Santiago de Compostela o 4 de xuño de 1991.

Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Resolución do 5 de xullo de 1991 pola que se anuncia a licitación da obra de acondicionamento da estrada C-546, de Lugo a Ourense por Monforte. Tramo: Nadela - Sarría. P.k. 0,000/25,900.

PROCEDEMENTO RESTRINXIDO:

1. Nome, enderezo, número de teléfono e telefax do poder adxudicador.

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Edificios administrativos de San Caetano. Santiago de Compostela (A Coruña).

España.

Teléfono n.º: 981 / 564100

Telefax n.º: 981 / 584588

2. a) Modalidade de adxudicación elixida.

Concurso restrinxido de acordo co artigo 113.3 do Regulamento xeral de contratación.